

**ACORDO ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E MAILA FEDERACIÓN DE SERVIZOS PUBLICOS DA U.X.T. PARA A MELLORA DO MARCO DE RELACIÓNS LABORAIS NO CONCELLO DE LUGO.**

LUGO 24 de Novembro de 2008

**REUNIDOS**

Dunha parte, **D. JOSÉ RÁBADE ARIAS**, Concelleiro da Área de Réximen Interior, Protección da Comunidade e Transportes do Concello de Lugo, no seu nome e representación legal ó abeiro do artigo 21.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, **D. ELISEO RIVAS PERNAS** Secretario Xeral da Federación de Servizos Públicos da UXT de Lugo, e domicilio a efectos do presente en Ronda da Muralla nº 58 1º

**EXPOÑEN**

Que ambas entidades, comparten o desexo de mellora das relacións laborais no Concello de Lugo dende a súa propia responsabilidade, e consideran que é necesario o restablecemento dun clima de diálogo permanente e constructivo para a mellora das relacións laborais no Concello de Lugo; que poida traducirse na mellora das condicións de traballo de tódolos empregados públicos, produtividade, mellora de servizos, oferta de emprego público, carreira profesional, promoción, conciliación da vida familiar e laboral, e , en xeral, todos aqueles aspectos que inciden de xeito directo e relevante neste marco de relacións laborais que concordan debe ser millorado.

Ambas partes concordan asemade que poden ser perfeccionados os acordos ata agora acadados, e plantexarse novas propostas para o futuro polo que suscriben o presente documento en base ás seguintes **CLÁUSULAS:**

### **Primeira.- Obxecto**

O Obxecto deste acordo é establecer un marco estable de relación laborais que permita avanzar neste eido cunha comunicación fluída entre o equipo de goberno e este sindicato para, por medio do diálogo, contribuír á mellora deste marco de relación, perfeccionando así as condicións de traballo e demais aspectos relacionados, en beneficio tanto do Excmo. Concello de Lugo como dos seus traballadores.

Para o que se comprometen á consulta mutua e previa sobre os asuntos de carácter xeral, sempre dentro do ámbito das súas respectivas atribucións, que afecten ós traballadores do Concello de Lugo.

### **Segunda.-**

Coa finalidade de perfeccionar os acordos ata de agora acadados, o Excmo. Concello de Lugo comprométese a:

- Constituír de xeito coincidente co inicio dos traballos de elaboración do catálogo de postos de traballo do Concello de Lugo, dunha comisión de seguemento da valoración dos postos de traballo, que terá en conta o concepto de carreira profesional, contribuíndo á normalización da plantilla. Esta comisión velará asemade pola aplicación do catálogo.
- Que a aplicación subsiguiente do dito catálogo de postos, non suporá merma retributiva alguna para ningún traballador do Concello, salvo que cambien as circunstancias do posto. Procurando a sintonía das mesmas coas das administración pública de referencia para o Concello de Lugo (grandes cidades galegas e diputacións provinciais) para todos os grupos profesionais.
- Que se constituirá antes do 15 de decembro do 2008 dunha comisión de Funcionarización do persoal laboral acorde co estatuto, e ó inicio deste proceso de funcionarización unha vez rematada a elaboración do catálogo de postos.
- Proceder á creación dunha comisión específica de seguimento do proceso de reestruturación da policía local.

- Millora-lo control sobre ás asistencias técnicas e concesións municipais reforzando para elo os mecanismos de supervisión necesarios.

#### **Terceira.- Determinación de accións**

A determinación de actuacións complementarias ás aquí descritas poderá realizarse ben mediante un convenio específico, ben mediante plans de traballo anuais, traballos concretos dentro do ámbito desta colaboración, ou mediante accións concretas a determinar no seo de Comisión de Seguimento.

#### **Cuarta.- Réxime económico**

Entenderase que os acordos económicos acadados coa corporación teñen carácter consolidable, polo que as futuras negociacións de carácter económico terán en conta na súa dotación orzamentaria o cálculo dos aumentos económicos a negociar sobre esta base, dentro das márxenes legais establecidas.

#### **Quinta.- Seguimento e interpretación do acordo.**

Para o adecuado seguimento do acordo, proposta e execución de accións concretas e interpretación das discrepancias que se produzan, créase unha Comisión de Seguimento paritaria integrada por dous representantes da UXT e dous representantes do Concello de Lugo.

#### **Sexta.- Duración**

A duración do presente convenio é de 3 anos, sen prexuízo de ser tácitamente prorrogado no caso de non existir denuncia con un mes de antelación á data do seu remate ou de calquera das súas prórrogas.

#### **Sétima.- Resolución**

**Son causas de resolución:**

**-O incumprimento das súas cláusulas.**

Nos casos de resolución por incumprimento, deberá ser oída previamente a Comisión de Seguimento.

**DISPOSICION FINAL:**

A este acordo poderanse adherir todas aquelas forzas sindicais con representación no Concello de Lugo que así o desexen e soliciten.

Pola UXT

Polo Concello de Lugo

Asdo Eliseo Rivas Pernas

Asdo José Rábade Arias